


Enquisa Xornada de Acollida 2025/2026

1. Análise enquisa nivel FETS

Total de 219 participantes. Distribución por Graos: _

● Educación Infantil	64
● Educación Primaria	68
● Educación Social	49
● Traballo Social	38



Valoración por ítems:

1. Pareceche interesante a información recibida na xornada de acollida? 4,44/5

- EI: 4,42
- EP: 4,32
- ES: 4,46
- TS: 4,65

2. Pareceche útil para a túa incorporación á Facultade a información recibida na xornada de acollida? 4,54/5

- EI: 4,53
- EP: 4,35
- ES: 4,63
- TS: 4,76


3. Que foi o que máis che gustou da xornada de acollida?

- ~90 participantes **Claridade e calidade das explicacións:** “A explicación dos horarios”, “Todo moi ben explicado”, “Aclaración das dúbidas xerais”, “Explicación detallada dos servizos da universidade”.
- ~60 participantes **Trato humano e cercanía:** “O trato cercano ao alumnado”, “A amabilidade dos docentes”, “A tranquilidade que transmite o equipo da facultade”.
- ~50 participantes **Cantidade e utilidade da información:** “A información ofrecida para non chegar o primeiro día sen ter moita idea”, “Toda a información que deron foi moi útil”.
- ~20 participantes **Participación dos delegados e estudantes veteranos:** “A charla dos delegados”, “O discurso de Iván”, “El contacto con los delegados”.
- ~15 participantes **Socialización e coñecemento mutuo:** “Coñecer xente nova”, “Ver as caras dos compañeiros”, “Postos para relacionarse coa xente”.
- ~10 participantes **Detalles e ambiente:** “Os regalos”, “A boa dinámica”, “A primeira impresión foi moi entusiasta”.


4. Botaches algo en falta na xornada de acollida?

- +150 participantes** “Non botaron nada en falta”
- ~20 participantes** piden “Información sobre grupos de clase”. Indican que non se lles dixo especificamente a que grupo pertencen cada un/unha
- ~10 participantes** piden “Explicación de aplicacións e ferramentas dixitais”: como usar moovi ou como acceder ó correo institucional
- ~5 participantes** piden “Organización e tempo”: máis tempo para resolver dúbidas, falar de créditos, convalidacións, etc
- ~3 participantes piden “Orientación física e espazos”: tour guiado da FETS

5. En que posición tiñas este Grao na túa lista de preferencias de escolla de titulación? **0 70% escolleunos como primeira opción e 18% como segunda**



En que posición tiñas este Grao na túa lista de preferencias de escolla de titulación? — por Grao



6. Se non fomos a túa primeira opción á hora de escoller grao, podes explicarnos os motivos?

- ~50 participantes** **Preferencia por outro grao** (Educación Primaria, Psicoloxía, Enfermería, Logopedia, Pedagogía, CAFYD, Historia, Física, Dobre Grao).
- ~15 participantes** **Motivos de cercanía xeográfica**
- ~15 participantes** **Motivos persoais**

7. Hai algún motivo especial polo que elixiches este grao nesta Facultade?

- ~100 participantes** pola **Cercanía xeográfica**
- ~45 participantes** por **Vocación e interese polo grao**: “Dende pequeno sempre quixen ser profesor” “Gústame moito a educación e a ensinanza” “Sempre tiven a vocación” “Quero axudar como axudaron ao meu entorno”
- ~45 participantes** **Sen motivo** – non responden.

- d. ~20 participantes por **recomendación e reputación**: “Faláronme ben desta facultade” “Teño compañeiras que cursan o mesmo e falan moi ben dela” “O profesorado está mellor valorado que noutras universidades”
- e. ~15 participantes pola **oferta académica**: “Polas mencións que hai” “Ten linguas como modalidades” “Ten fama de ofrecer atención práctica ao alumnado”
- f. ~15 participantes pola **nota de corte**: “Porque era onde estaba a nota media máis baixa” “Non puiden entrar en Santiago” “Foi o que me deu a nota para entrar”

2. Conclusión da enquisa nivel FETS

- A satisfacción coas Xornadas de Acollida é **moi boa** cunha puntuación de 4,44
- O alumnado destaca a claridade das explicacións, a utilidade práctica e a boa acollida por parte do profesorado e delegados.
- A maioría dos estudantes non botaron nada en falta, aínda que se identifican pequenas áreas de mellora: información personalizada, ferramentas dixitais e orientación física. Unhas 20 persoas indican que non recibiron información sobre os grupos de clase
- O 70% tivo a FETS como primeira opción. O 45% por proximidade xeográfica
- A elección do grao e da facultade está motivada principalmente por criterios de proximidade, vocación docente e recomendacións positivas.
- Outras conclusións;?

3. Comentarios específicos de Educación Infantil

- 80% de asistencia (64 de 80)
- 83% do estudantado (53) declaran non botar nada en falta nas xornadas, algunhas persoas sinalan que foi "moi completa".
- Algunhas persoas botan en falla realizar a alta no Moovi no mesmo día da xornada, así como unha persoa apunta a necesidade de máis información sobre as actividades dos venres na FETS.
- Posible mellora: adicar un tempo para activar o Moovi.

4. Comentarios específicos de Educación Primaria

- 85% de asistencia (68 de 80)
- 81% do alumnado (55) declaran non botar nada en falta nas xornadas
- 9% do alumnado (6) botou en falta falar máis da distribución dos grupos, que precisa máis explicación
- Posible mellora, adicarlle uns minutos mais a esa explicación.

5. Comentarios específicos de Educación Social

- 61% de asistencia (49 de 80)
- A gran maioría non bota nada en falta. Algún enquisado di que non lle quedaron claros os grupos nin como acceder ás plataformas.

6. Comentarios específicos de Traballo Social

- 48% de asistencia (38 de 80)
- A gran maioría non bota nada en falta e agradecen a participación dos delegados

En Ourense, a 24 de setembro do 2025

O coordinador PAT: Marcos Loureiro García